

Resolución do 6 de setembro de 2018 pola que se aproba o Regulamento do 2º Premio de Fotografía GDR Salnés-Ulla-Umia “DESCUBRINDO O RURAL” e convócanse os premios correspondentes ao ano 2018.

O Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia (GDR Salnés-Ulla-Umia) foi creado segundo o disposto no artigo 22 da Constitución, na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e no Real Decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, coa finalidade de ser instrumento básico para a integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio Salnés-Ulla-Umia. A finalidade do GDR é ser instrumento básico para a integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de Salnés-Ulla-Umia.

No exercicio das funcións que ten encomendadas, compete ao GDR Salnés-Ulla-Umia impulsar a formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas de desenvolvemento rural para o noso territorio. Neste marco, resulta de interese pór en marcha as actuacións que animen á participación pública e privada no proceso de desenvolvemento e coñecemento do noso rural e que contribúan á conservación e dinamización do contorno rural facendo del un medio máis atractivo.

Por estas razóns, estímase conveniente convocar o 2º premio de Fotografía GDR Salnés-Ulla-Umia “DESCUBRINDO O RURAL”, coa finalidade de valorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da súa zona de influencia.

A facultade para aprobar o Regulamento dos premios e para convocalo está delegada na Presidenta do GDR Salnés-Ulla-Umia, segundo o acordo da Xunta Directiva do 27 de novembro de 2017.

De acordo co exposto,

RESOLVO:

1. Aprobar e convocar o 2º premio de Fotografía GDR Salnés-Ulla-Umia “DESCUBRINDO O RURAL” do ano 2018, de acordo coas normas contidas no regulamento que figura como anexo I desta resolución.

Os premios constarán dun diploma para cada premiado, unha experiencia rural e unha dotación en metálico que se repartirán segundo o seguinte cadro:

2º premio de Fotografía GDR Salnés-Ulla-Umia “DESCUBRINDO O RURAL”	
1ª Mellor Fotografía	Diploma + 2.500,00 euros + ER*
2ª Mellor Fotografía	Diploma + 2.000,00 euros + ER*
3ª Mellor Fotografía	Diploma + 1.500,00 euros + ER*
4ª Mellor Fotografía	Diploma + 1.000,00 euros + ER*
5ª Mellor Fotografía	Diploma + 500,00 euros + ER*

*ER: consistirá nunha experiencia rural no territorio do GDR Salnés-Ulla-Umia, vinculada ás distintas ofertas turísticas, gastronómicas e rurais existentes no mesmo.

Os premios en metálico financiaranse grazas ás aportacións dos concellos do territorio do GDR Salnés-Ulla-Umia. Todos os gastos relativos á difusión e promoción do premio financiarase con cargo á conta orzamentaria da medida 19.4 do GDR Salnés-Ulla-Umia dentro do Programa LEADER 2014-2020 para o ano 2018.

3. Para participar deberanse seguir os seguintes 2 pasos:

- Enviar por **correo postal** (GDR SALNÉS-ULLA-UMIA, R/ Cruceiro, 43 (Vilalonga), 36990 – Sanxenxo, Pontevedra) en sobre pechado a seguinte documentación:
 - Copia do DNI ou CIF do participante.
 - Cubrir a “solicitud de participación” (ver Anexo II).
 - Fotografía ou fotografías impresas presentadas (máximo 3 por participante). O tamaño mínimo da fotografía será de 20 cm x 15 cm.
- Enviar **por e-mail** a fotografía ou fotografías presentadas a concurso en formato JPEG co tamaño mínimo de 3508x2480 pixeles, ao seguinte correo electrónico: comunicacion.gdrsalsnullaumia@gmail.com.

Sen estes dous pasos non se dará por admitida a solicitude de participación no concurso fotográfico.

4. O prazo para presentar as solicitudes comprenderá **dende o 10 de setembro ata o 28 de setembro de 2018**, ambos inclusive. A organización resérvase o dereito a suspender, aprazar, ampliar, cancelar ou modificar as datas de participación. concurso.

5. Poderase obter a documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

Páxina web do GDR Salnés-Ulla-Umia: www.gdrsalsnullaumia.com

Facebook: www.facebook.com/gdrsalsnullaumia

Enderezo electrónico: comunicacion.gdrsalsnullaumia@gmail.com

Teléfonos: 986 744 909 / 650 255 914.

Vilalonga, 6 de setembro de 2018



gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2014-2020

NIF: G-36.591.725
769
Lourdes Ucha Varela

Presidenta do GDR Salnés-Ulla-Umia